

Universidade de Vigo -
Registro XeralSaída Nº. 201200004518
06/03/12 09:01:04

Asunto: Eleccións de representantes do persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor, de investigadores en formación e do persoal de administración e servizos en Consello de Departamento.

Achégase a seguinte información:

- Resolución Reitoral pola que se convocan eleccións a representantes do persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor, de investigadores en formación e do persoal de administración e servizos en Consellos de Departamento.
- Calendario electoral.
- Normativa correspondente a estas eleccións.
- Interpretación provisional do artigo 45 dos Estatutos polo Consello de Goberno de data 5 de marzo de 2010.
- Número de representantes por sector en cada departamento.

Esta documentación, así como toda a información relativa ás eleccións, debe publicarse no taboleiro electoral do departamento.

Achégase tamén o censo dos estudantes de terceiro ciclo do Departamento coa finalidade de que se comprabe se coincide na mesma persoa a condición de membro do sector "investigador en formación" coa de "estudiante". Neste caso, no período de reclamacións, o interesado deberá optar por un dos sectores (estudiante 3º ciclo ou investigador en formación). No caso de que opte polo sector de Investigador en formación, deberase remitir a esta Secretaría Xeral, ao remate do prazo de reclamacións ao censo, a relación dos que optaron por dito sector coa finalidade de eliminalos do censo de estudantes de 3º ciclo. No caso de que non opten por ningún dos sectores tamén deberá ser comunicalo a esta Secretaría Xeral xa que, de acordo co establecido no artigo 4.3 do procedemento de eleccións, deberan ser eliminados do censo de estudantes de 3º ciclo.

Para calquera dúbida sobre o proceso poderá dirixirse á Secretaría Xeral.

Vigo, 6 de marzo de 2012
A SECRETARÍA XERAL



Inmaculada Valeije Álvarez

Sres/as. Directores e Directoras de Departamentos da Universidade de Vigo.

**ELECCIÓN REPRESENTANTES DO PAS E DO PERSOAL DOCENTE E
INVESTIGADOR NOS CONSELLOS DE DEPARTAMENTOS
ANO 2012**

CALENDARIO

12-03-2012	Publicación dos censos provisionais
13-03-2012 ao 20-03-2012.....	Prazo de reclamacións aos censos provisionais
23-03-2012	Publicación dos censos definitivos
26-03-2012 ao 30-03-2012.....	Prazo presentación de candidaturas
09-04-2012	Proclamación provisional de candidaturas
10-04-2012 ao 11-04-2012.....	Prazo de reclamación ás candidaturas provisionais
16-04-2012.....	Proclamación definitiva de candidaturas
17-04-2012 ao 20-04-2012.....	Campaña electoral
23-04-2012	Xornada de reflexión
24-04-2012.....	Votación
26-04-2012.....	Proclamación provisional de resultados
27-04-2012 e 30-04-2012.....	Prazo de reclamación aos resultados provisionais
03-05-2012.....	Proclamación definitiva de resultados

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Salda Nº. 201200004950
05/03/2012 09:30:25

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE
CONVOCAN ELECCIÓNS DE
REPRESENTANTES DO PAS E DO
PERSONAL DOCENTE E INVESTIGADOR
NOS CONSELLOS DE DEPARTAMENTO.**

Segundo acordo da Comisión Electoral na súa xuntanza do día 17 de febreiro de 2012,
ESTA REITORÍA RESOLVE:

Convocar eleccións de representantes do PAS e do Persoal Docente e Investigador nos
Consellos de Departamento de acordo co seguinte calendario:

- 12-03-2012 Publicación dos censos provisionais
- 13-03-2012 ao 20-03-2012..... Prazo de reclamacións aos censos provisionais
- 23-03-2012 Publicación dos censos definitivos
- 26-03-2012 ao 30-03-2012..... Prazo presentación de candidaturas
- 09-04-2012 Proclamación provisional de candidaturas
- 10-04-2012 ao 11-04-2012..... Prazo de reclamación ás candidaturas provisionais
- 16-04-2012..... Proclamación definitiva de candidaturas
- 17-04-2012 ao 20-04-2012..... Campaña electoral
- 23-04-2012 Xornada de reflexión
- 24-04-2012..... Votación
- 26-04-2012..... Proclamación provisional de resultados
- 27-04-2012 e 30-04-2012..... Prazo de reclamación aos resultados provisionais
- 03-05-2012..... Proclamación definitiva de resultados

Vigo, 5 de marzo de 2012

O REITOR

Salustiano Mato de la Iglesia





UNIVERSIDADE
DE VIGO

PROCEDEMENTO PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR A TEMPO PARCIAL NON DOUTOR, DE PERSOAL INVESTIGADOR EN FORMACIÓN E DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS NOS CONSELLOS DE DEPARTAMENTO (Aprobado pola Comisión Electoral en data 02/11/2011)

Artigo 1

1. A elección de representantes do persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor, de persoal investigador en formación e de persoal de administración e servizos nos consellos de departamento rexeráse polos Estatutos da Universidade de Vigo, polo Regulamento de departamentos e polas normas contidas no presente regulamento.
2. A convocatoria de eleccións achegarase aos departamentos. Toda a información relativa a estas eleccións deberá ser exposta nos taboleiros electorais dos departamentos.

Artigo 2

De acordo co artigo 45 dos Estatutos, o consello de departamento está integrado por:

- a) Todos os doutores e doutoras membros do departamento.
- b) Todo o resto do persoal docente e investigador a tempo completo.
- c) Un 20% do persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor, que en ningún caso superará o 10% do total do órgano.
- d) Unha representación dos estudantes que constituirá o 25% do total dos membros do consello de departamento, sendo a metade de estudantes do terceiro ciclo. En todo caso, de haber candidaturas, cubriranse todos os postos garantindo unha representación de polo menos un estudante de cada un dos centros onde imparte docencia o Departamento.
- e) Unha representación de persoal investigador en formación, que constituirá como máximo o 2% do Consello de Departamento.
- f) Unha representación do persoal de administración e servizos que constituirá o 9% do total dos membros do Consello de Departamento.

Os membros electos do Consello de Departamento serán renovados cada dous anos.

Artigo 3

Correspóndelle á Comisión Electoral a elaboración e aprobación do procedemento electoral.

Artigo 4

1. Son electores e electoras para a elección de representantes nos Consellos de Departamento todo o persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor, persoal investigador en formación e persoal de administración e servizos que figuren nos respectivos censos do departamento.
2. Ningunha persoa poderá ter a condición de elector ou electora en dous ou máis sectores de representación distintos nin dentro dun sector en dúas ou máis circunscricións electorais. As persoas que estean na situación anterior deberán, durante o período de reclamacións ao censo electoral, presentar un escrito optando polo sector e circunscrición no que desexen participar na votación. No caso de non ter optado, a Xunta Electoral do departamento fará a adscrición prevalecendo o sector de persoal de administración e servizos sobre os restantes, e o sector de

profesorado doutor con vinculación permanente ou o sector do resto de persoal docente e investigador sobre o sector de estudantes.

3. No caso de que un ou unha estudante de terceiro ciclo pertenza tamén ao sector de persoal investigador en formación, deberá optar polo sector no que desexe participar na votación. No caso de non facelo, prevalecerá a condición de investigador ou investigadora en formación sobre o sector de estudantes de 3º ciclo.

Artigo 5

Son elixibles todos aqueles electores e electoras que presenten a súa candidatura de acordo co disposto nestas normas, e se lles proclame candidatos ou candidatas de forma definitiva pola Xunta Electoral do departamento.

Artigo 6

1. A elección será por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Non se permitirá en ningún caso nin a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.

2. O número de membros que se deberán elixir nos distintos sectores será feito público pola xunta electoral de cada departamento xunto co censo definitivo.

3. Cada elector ou electora só poderá dar o seu voto a un número de candidaturas igual ou inferior ao setenta por cento ou enteiro máis próximo, do número das que deben ser elixidas polo seu sector, de acordo coa táboa 1, na cal A é o número de representantes para elixir por cada sector e circunscrición electoral, e B o número máximo de candidatos e candidatas aos que poderá dar o seu voto cada votante.

Táboa 1

A	B	A	B
1	1	11	8
2	1	12	8
3	2	13	9
4	3	14	10
5	4		
6	4		
7	5		
8	6		
9	6		
10	7		

4. Para os efectos de promover a paridade entre xéneros nos Consellos de Departamento, cada elector ou electora poderá votar como máximo ao 60% das candidaturas de un dos xéneros, determinado sobre o número de candidatos e candidatas máximo previsto no apartado anterior, de acordo coa táboa 2, na cal A é o número de representantes para elixir por cada sector e circunscrición electoral, B o número máximo de candidaturas aos que poderá dar o seu voto cada votante e C o número máximo que se pode votar para un dos xéneros..

Táboa 2

A	B	C	A	B	C
1	1	1	11	8	4
2	1	1	12	8	4
3	2	1	13	9	5
4	3	2	14	10	6
5	4	2			
6	4	2			
7	5	3			
8	6	3			
9	6	3			
10	7	4			

5. De conformidade cos apartados 1 e 2 deste artigo, en cada papeleta determinarase o número máximo de candidaturas que se pode votar por cada elector ou electora así como o número máximo por cada xénero.

6. Serán proclamadas electas aquelas persoas candidatas que obteñan maior número de votos, ata completar o número de representantes de cada sector que correspondan a ese departamento.

7. No caso de que dúas ou máis candidaturas obteñan o mesmo número de votos, darase preferencia para a proclamación como candidata ou candidato electo á candidatura do xénero menos representado, no sector correspondente. Se este procedemento non resolve o empate terá preferencia a candidatura de maior antigüidade no sector correspondente, na Universidade de Vigo, computándose para estes efectos os anos de servizo na Universidade de Santiago de Compostela antes da segregación, prestados nalgún dos campus da Universidade de Vigo. No caso de igualdade será proclamada a persoa de maior idade.

8. Os candidatos e candidatas restantes quedarán coma suplentes para cubrir futuras baixas das candidaturas electas.

Artigo 7

1. Os directores e directoras dos departamentos serán os responsables do proceso electoral en cada departamento, debendo proceder á constitución dunha Xunta Electoral composta por:
 - a) O director ou directora do departamento, que a preside.
 - b) A persoa que ocupe a secretaría do departamento, que actuará como secretario ou secretaria da mesma.
 - c) Un membro do persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor, un investigador ou investigadora en formación do departamento e un membro do persoal de administración e servizos adscrito ao departamento, designados por sorteo público así como as persoas que actúen como suplentes.
2. A Xunta Electoral do departamento é o órgano competente para resolver as cuestións das eleccións ás que se refire esta normativa.
3. A condición de membro da Xunta Electoral do departamento é compatible coa de candidato ou candidata.
4. Por razóns de urxencia, a presidencia da xunta electoral poderá convocar ás persoas que forman parte dela, mesmo por teléfono, con vintecatro horas de antelación, expresando os asuntos ou incidencias que se van a tratar.

Artigo 8.

1. O día fixado na convocatoria, expóranse os censos provisionais nos taboleiros electorais dos departamentos.
2. Establecerase un prazo de reclamacións sobre admisións ou exclusións, que non poderá ser inferior a cinco días hábiles a partir da data da súa publicación.
3. As reclamacións aos censos provisionais formularanse mediante escrito razoado dirixido ao director ou directora do departamento, e presentaranse no rexistro do departamento.
4. Logo de rematar o período de reclamacións, a Xunta Electoral do departamento procederá a elevar a definitivo o censo electoral.

Artigo 9

1. Poderán presentar a súa candidatura nos rexistros dos departamentos as persoas que teñan a condición de elixibles por figurar no censo definitivo.
2. O escrito no que se presente a candidatura deberá ir asinado polo candidato ou candidata e conterá os seguintes datos:
 - a) Nome, apelidos e fotocopia do DNI. No caso de que a candidatura sexa presentada por outra persoa, esta terá que identificarse e presentar tamén unha fotocopia do seu DNI.
 - b) Sector electoral polo que se presenta como candidato ou candidata.
 - c) Número de teléfono e enderezo de correo electrónico.
3. As candidaturas serán individuais para os efectos de votación e escrutinio.
4. Os candidatos e candidatas poderanse agrupar co único obxecto de realizar a campaña electoral. Neste caso, indicarase a denominación e sigla que identifique o seu agrupamento.
5. No caso de coincidencia na denominación, sigla ou símbolo por parte de dous ou máis agrupacións distintas, darase preferencia á que teña antes a súa entrada no rexistro.

Artigo 10.

1. Recibidas as candidaturas presentadas, a Xunta Electoral efectuará a proclamación provisional de candidatos e candidatas, que se fará pública no taboleiro electoral dos departamentos.
2. No prazo fixado na convocatoria poderanse presentar reclamacións sobre exclusións ou correccións de erros ou defectos, nos rexistros dos departamentos.
3. Transcorrido o devandito prazo, a Xunta Electoral fará a proclamación definitiva de candidatos e candidatas, a cal se fará pública no taboleiro electoral dos departamentos.

4. Se o número de candidaturas nalgún sector non supera o número de postos que se deben cubrir, a Xunta Electoral poderá declarar concluído o proceso electoral nese sector.

Artigo 11

1. A campaña electoral comprenderá toda clase de actividades levadas a cabo polos candidatos e candidatas proclamadas, en orde á captación de sufraxios, nos departamentos.
2. Os directores e directoras dos departamentos darán as facilidades pertinentes, sen que iso supoña suspensión das actividades ordinarias.

Artigo 12

1. As mesas electorais estarán compostas por unha persoa do sector do persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor, que as preside, por unha persoa do sector do persoal investigador en formación, por unha persoa do sector do persoal de administración e servizos, cos seus respectivos suplentes, actuando como secretario ou secretaria quen teña menor idade de todas elas. No caso de que non se puidese contar con persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor e/ou con persoal investigador en formación, será designada membro da mesa unha persoa do sector de persoal docente e investigador do departamento correspondente aos apartados 45a) e 45b) dos Estatutos, que actuará como presidente ou presidenta.
2. Cada membro das mesas electorais serán designado ou designada por sorteo público realizado pola Xunta Electoral do departamento, excluindo a quen sexa membro da Xunta Electoral.
3. A Xunta Electoral expedirá a credencial aos interventores e interventoras. Non se pode nomear interventor ou interventora a quen sexa membro dunha mesa electoral.
4. O director ou directora de departamento comunicará, de modo individualizado, a súa designación a quen resultase membro da mesa electoral. Así mesmo, os directores e directoras de departamento farán pública a composición da mesa electoral nos seus respectivos departamentos.
5. A condición de membro dunha mesa electoral é obrigatoria para cada persoa nomeada. As causas xustificadas que impidan o seu exercicio serán consideradas pola Xunta Electoral do departamento.
6. A condición de candidato ou candidata proclamada é incompatible coa de membro dunha mesa electoral.

Artigo 13

1. A votación terá lugar o día fixado na convocatoria en horario establecido pola Xunta Electoral do departamento.
2. O día da votación as mesas electorais constituiranse á hora establecida pola Xunta Electoral do departamento coa presenza de todas as persoas que a compoñen, sexan titulares ou suplentes, e quedará validamente constituída coa maioría delas.
No caso de que non fose posible a constitución da mesa electoral, o director ou directora do departamento arbitrará as medidas oportunas para cubrir as vacantes.
Durante a xornada de votación, a mesa poderá actuar con dous membros, sempre que un deles sexa a persoa que exerce a presidencia ou a persoa que ocupa a secretaría.
3. As persoas que forman parte da mesa votarán en último lugar.

Artigo 14

Á hora sinalada no apartado 2 do artigo anterior a presidencia da mesa electoral estenderá a acta da constitución. Na acta indícarase o nome de todas as persoas que compoñen a mesa, facendo constar en quen recae a función de secretario ou secretaria, e será asinada por todas elas.

Artigo 15

1. O elector ou electora identificarase perante a mesa electoral co DNI, pasaporte, carné de conducir ou documento identificativo normalizado da Universidade de Vigo.
2. A mesa comprobará a súa inclusión no censo electoral e de seguido o elector ou electora emitirá o seu voto.

Artigo 16

1. As papeletas de votación serán impresas. En cada papeleta haberá dúas listaxes, unha de candidatos e outra de candidatas.
2. Os nomes dos candidatos e candidatas proclamados figurarán na papeleta por orde alfabética, previo sorteo por parte da Xunta Electoral da letra pola que debe comezar a relación.
3. O nome de cada candidato e candidata irá precedido dun recadro onde cada elector ou electora sinalará cunha cruz a candidatura ou candidaturas ás que outorgue o seu voto, co límite que se sinala no artigo 6.3.
5. A carón do nome do candidato ou candidata figurará a sigla de identificación do agrupamento prevista no artigo 9.4, de solicitalo así ao formalizar a súa candidatura.

Artigo 17

1. Rematada a votación, a presidencia da mesa declarará iniciado o acto do escrutinio, que será público.
2. Levantarase a correspondente acta por duplicado detallando os votos válidos, en branco ou nulos.
3. Serán consideradas nulas aquelas papeletas nas que figuren sinalados maior número de candidatos ou candidatas dos que corresponda votar e aquelas nas que non se cumpra o previsto no artigo 6.4 no relativo ao xénero.
4. Cada acta deberá ser asinada polas persoas que compoñen a mesa. Un exemplar será publicado no taboleiro electoral.
5. Rematado o escrutinio a presidencia da mesa entregarálle á presidencia da Xunta Electoral do departamento, antes das 10 horas do día seguinte, as actas do escrutinio.

Artigo 18

1. Unha vez recibidas as actas a Xunta Electoral procederá a realizar a proclamación provisional dos candidatos e candidatas electos.
2. Unha vez proclamados de xeito provisional os candidatos e candidatas electos, abrirase un prazo de polo menos dous días hábiles para a presentación de reclamacións. As reclamacións presentaranse no rexistro do departamento.
3. Resoltas as reclamacións, a Xunta Electoral, a través do seu presidente ou presidenta, comunicará á Comisión Electoral o resultado definitivo das eleccións que se fará tamén público no taboleiro electoral dos departamentos.

INTERPRETACIÓN ARTIGO 45 DOS ESTATUTOS
(aprobado na sesión do Consello de Goberno do día 05-03-2010)

O artigo 19 da LOU establece que o Consello de Departamento está integrado polos doutores membros do departamento, así como por unha representación do resto de persoal docente e investigador non doutor na forma que determinen os Estatutos, garantizándose a presenza dunha representación dos estudantes e do PAS.

O artigo 45 dos Estatutos da Universidade de Vigo, de acordo co establecido na LOU dispón cal é a composición dos Consellos de Departamento. De dito artigo faise a seguinte interpretación:

a) “Todos os doutores membros do departamento”.

Comprenderá o seguinte persoal:

- Profesorado Funcionario Doutor a tempo completo ou parcial:
 - - Catedráticos de Universidade,
 - - Titulares de Universidade,
 - - Catedráticos de Escola Universitaria
 - - Titulares de Escola Universitaria que estean en posesión do título de doutor
 - - Funcionarios interinos dos corpos mencionados.

- Profesorado contratado a tempo completo ou parcial, con título de doutor:
 - - Axudantes con título de doutor,
 - - Profesores Axudantes Doutores,
 - - Profesores Contratados Doutores,
 - - Profesores Asociados con título de doutor,
 - - Profesores Visitantes con título de doutor,
 - - Profesores Eméritos,
 - - Lectores de Idiomas con título de doutor,
 - - Profesores contratados interinos de substitución con título de doutor.

- Persoal de Investigación doutor a tempo completo seleccionado en convocatorias públicas competitivas de recursos humanos en programas de investigación:
Contratados Ramón y Cajal, Parga Pondal, Juan de la Cierva, Angeles Alvariño e Marie Curie, así coma outros contratados posdoutorais asimilados.

b) “Todo o resto do persoal docente e investigador a tempo completo non doutor”. Comprenderá o seguinte persoal:

- Titulares de Escola Universitaria
- Axudantes
- Visitantes
- Asociados a tempo completo
- Profesores contratados interinos de substitución.

- Contratados de investigación a tempo completo non doutor: FPI, FPU, María Barbeito e contratados predoutorais da UVIGO.

e) Unha representación do “persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor”.

Comprenderá o seguinte persoal:

- Titulares de Escola Universitaria a tempo parcial
- Profesores Visitantes a tempo parcial
- Profesores Asociados

d) “Unha representación dos estudantes”

Comprenderá:

- Estudantes de 1º e 2º ciclo
- Estudantes de 3º ciclo non incluídos nos apartados anteriores

e) “Unha representación do persoal investigador en formación”:

- Bolseiros de terceiro ciclo ou master: FPI, FPU, Xunta de Galicia e UVIGO
- Resto de bolseiros predoutorais
- Titulados universitarios ou doutores con contrato a cargo de proxectos de investigación

f) “Unha representación do Persoal de Administración e Servizos”

CADRO MEMBROS POR DEPARTAMENTO

DEPARTAMENTO	Doutores (membros natos) (a)	Nº PDI a T.C. (membros natos) (b)	TOTAL Membros natos (54%)	PDI non doutor a T.P. (10%)	Investig en formación 2%	1º e 2º ciclo 12,5%	3º ciclo 12,5%	PAS (9%)	TOTAL
C01 Biol. Func. CC. Saúde	33	6	39	7	2	9	9	6	72
C02 Biol. Vex. CC. do Solo	29	11	40	7	2	9	9	7	74
C03 Bioq. Xenét. Immunol.	27	5	32	6	1	7	7	6	59
C04 Ecol. e Biolox. animal	31	13	44	8	2	10	10	7	81
C05 Estad. e Invest. Operat.	24	3	27	5	1	6	6	5	50
C06 Matemáticas	15	3	18	3	1	4	4	3	33
C07 Química Anal. e Alim.	27	7	34	6	1	8	8	6	63
C09 Química Inorgánica	12	0	12	2	1	3	3	1	22
C10 Xeociencias Mariñas..	16	3	19	4	1	4	4	3	35
C11 Química Física	24	7	31	6	1	7	7	5	57
C12 Química Orgánica	20	4	24	4	1	6	6	3	44
H03 Filolx. Galega e Latina	14	5	19	4	1	4	4	3	35
H04 Filol. Ing. Fran. Alem.	34	7	41	8	2	9	9	7	76
H05 Hist. Arte e Xeografía	27	4	31	6	1	7	7	5	57
H07 Escultura	14	1	15	3	1	3	3	3	28
H08 Pintura	16	0	16	3	1	4	4	2	30
H09 Debuxo	15	3	18	3	1	4	4	3	33
H10 Lingua Española	16	0	16	3	1	4	4	2	30
H11 Liter. Esp. e Teoria.Lit.	12	1	13	2	1	3	3	2	24
H12 Traduc. e Lingüística	30	3	33	6	1	8	8	5	61
T01 Deseño na Enxeñería	18	10	28	5	1	7	7	4	52
T02 Enxeñería Eléctrica	16	5	21	4	1	5	5	3	39
T03 Enx. Mecá. Máq.. Moto	31	4	35	7	1	8	8	6	65

DEPARTAMENTO	Doutores (membros natos) (a)	Nº PDI a T.C. (membros natos) (b)	TOTAL Membros natos (54%)	PDI non doutor a T.P. (10%)	Investig en formación 2%	1º e 2º ciclo 12,5%	3º ciclo 12,5%	PAS (9%)	TOTAL
T04 Enxeñería Química	35	12	47	9	2	11	11	7	87
T05 Enx. dos Mater. Mecán.	18	3	21	4	1	5	5	3	39
T06 Enx Recursos Naturais	26	0	26	5	1	6	6	4	48
T07 Enx de Sistemas e Auto	17	7	24	4	1	6	6	3	44
T08 Física Aplicada	48	7	55	10	2	13	13	9	102
T11 Tecnoloxía Electrónica	26	7	33	6	1	8	8	5	61
T13 Enxeñería Telemática	33	3	36	8	1	8	8	6	67
T14 Teoría do Sinal e Comu.	47	2	49	9	2	11	11	8	90
T15 Informática	36	10	46	8	2	11	11	7	85
T16 Matemática Aplicada I	14	3	17	3	1	4	4	2	31
T17 Matemática Aplicada II	16	0	16	3	1	4	4	2	30
X01 Análise e Inter. Psico..	26	3	29	5	1	7	7	5	54
X02 Dereito Privado	24	2	26	5	1	6	6	4	48
X03 Dereito Público	21	1	22	4	1	5	5	4	41
X04 Didáctica, Org. Escolar	10	3	13	2	1	3	3	2	24
X05 Didácticas Especiais	36	8	44	8	2	10	10	7	81
X06 Economía Aplicada	41	2	43	8	2	10	10	7	80
X07 Econ. Financ. e Contab	30	10	40	7	2	9	9	7	74
X08 Funda. Análise Econ.	19	4	23	4	1	5	5	4	42
X09 Organ. Empre. Market.	66	2	68	13	2	16	16	11	126
X10 Psicoloxía Evolutiva	14	0	14	3	1	3	3	2	26
X11 Socio. Ciencia Política	20	4	24	4	1	6	6	3	44
X13 D. P. Esp. Comu. Aud.	16	1	17	3	1	4	4	2	31

